

Asunto: Terceira reunión da Comisión de valoración para a selección das solicitudes presentadas para participar no programa educativo “BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO ACOREUROPA XI”

ACTA

Lugar: EN LIÑA

Data: 21 de xullo de 2023

Hora de inicio: 09.00 h.

Hora de fin: 9.20 h.

Asistentes:

D^a Sagrario Ron López, Xefa de Servizo de Educación. Presidenta.

D^a. Ana Judel Prieto (Técnica de educación) Secretaria.

D^a. Susana Vara Bilbao (Xefa de Departamento de Educación)

D. Alfonso Queijo Rodríguez (Técnico de educación).

D. Carlos Oro Claro (coordinador dos Erasmus do CIFP Imaxe e Son).

D^a Cristina Vázquez (coordinadora de Programas Internacionais do CIFP Anxel Casal)

D. Fernando Rodríguez Diéguez (coordinador dos Erasmus do IES Fernando Wirtz Suarez)

D^a Helena Maseda Ferreiro (coordinador dos Erasmus do do IES Ramón Menéndez Pidal)

Antecedentes

1. O proceso selectivo do programa BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO ACOREUROPA XI iniciouse coa apertura do prazo de presentación de solicitudes para participar no programa, do 17 de abril ao 8 de maio de 2023. Nese prazo as persoas interesadas tiñan que se inscribir na ficha habilitada para o proceso na web www.coruna.gal/educacion e achegar por rexistro a documentación indicada nas bases.

As solicitudes que se rexistraron en liña foron 31 (descontando as solicitudes duplicadas).

2. Con data 9 de maio de 2023 publicouse na páxina www.coruna.gal/educacion a listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas e abriuse un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións (do 10 ao 16 de maio).
3. No prazo de presentación de alegacións, presentáronse 3 alegacións:
 - 1) a persoa solicitante con ID 23, alega e documenta que presentou a documentación no rexistro do Concello de Miño con data 08/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido;
 - 2) a persoa solicitante con ID 24, alega e documenta que presentou a documentación no rexistro da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia con data 08/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido;
 - 3) a persoa solicitante co ID 38, alega e documenta que presentou a documentación na oficina de correos, con data 8/05/2023, é dicir, dentro do prazo establecido.

Revisada a documentación presentada nestas tres alegacións, quedou comprobada que a documentación requerida para o proceso de selección foi presentada conforme á Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que estas persoas solicitantes co ID 23, 24 e 38 quedan definitivamente admitidas no proceso de selección.

Por outra banda, a persoa solicitante co ID 39 presentou a documentación no rexistro o día 11/05/2023, fora de prazo. Por elo, a súa solicitude non foi admitida.

Por último, solicitada a documentación aos centros do consorcio para a baremación das persoas candidatas, a documentación da persoa co ID nº 16 non foi remitida polo seu centro, por estar a cursar a Modalidade Dual; polo que quedou non admitida, consonte á cláusula 5.1 das bases, que di: “Non poderán participar as persoas tituladas en FP na modalidade Dual, porque nesta xa se realizan prácticas de traballo en empresas remuneradas”.

4. Con data 19 de maio de 2023 publicouse na páxina www.coruna.gal/educacion a listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas.

Das 31 solicitudes presentadas, 9 non están admitidas e 22 foron admitidas:

5. Na reunión da Comisión de valoración do día 29 de maio de 2023, acordouse:

1. Ratificar a exclusión de 9 solicitudes: as do ID nº 1, 2, 3, 29, 30,31 e 32 por non presentar a documentación por rexistro; a nº 39, por presentar a documentación fora de prazo; e a nº 16, por cursar a modalidade dual (consonte á cláusula 5.1 das bases).

2. Procédese á baremación dos méritos presentados das 22 persoas candidatas admitidas, segundo os criterios de baremación da cláusula 6 das bases do programa.

3. Presentan certificados de idiomas homologados as persoas cas solicitude co ID nº 4, 5, 13, 15, 19, 21, 24 e 37, que son baremados consonte á cláusula 6.2 das bases.

Sen embargo, as persoas admitidas co ID nº 9 e 10 presentan certificados de idiomas de entidades de orixe peruano e colombiano, que veñen sen a “apostilla”, de xeito que non foron homologadas pola administración do Estado competente, nin teñen equivalencia co Marco Común Europeo das Linguas, de xeito que non poden ser consideradas para súa valoración, consonte á cláusula 6.7.: “Unicamente valoraranse por parte da comisión os documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen”.

4. La persoa ca solicitude nº 24, presenta dúas certificacións académicas: unha do ciclo formativo de “Son para audiovisuais e espectáculos”, que cursa pola modalidade modular, con 9 módulos aprobados e faltaríalle 2 módulos mais por cursar); e a outra certificación doutro ciclo de “Producción de audiovisuais e espectáculos”, cas notas dos 2 módulos que lle faltan do ciclo anteriormente citado.

Deste xeito, no mes de xuño de 2023 non será titulada ningún dos ditos ciclos, polo que non compre os requisitos para ser aceptada a súa solicitude (consonte á cláusula 5.1. das bases), polo tanto, queda excluída.

5. Elaborar as seguintes relacións provisionais:

a) Relación provisional de persoas seleccionadas (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando o país de destino.

b) As persoas que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Estas persoas constituirán a listaxe de agarda.

c) As persoas que non compren os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

.....



8. Abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación dos listados na web de educación, para que as persoas interesadas presenten as súas alegacións ás ditas relacións provisionais.

6. Na comisión de valoración reunida o 27 de xuño, unha vez examinados as certificacións académicas de xuño de 2023 e as xa presentadas de decembro de 2022 de todas as persoas candidatas e tendo en conta os documentos presentados e as bases do programa, , tralas oportunas deliberacións sobre os criterios de baremación, adoptou por unanimidade os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Baremar os dous certificados de Escola Oficial de Idiomas, xa presentados en prazo, pola persoa candidata co ID nº 6, con 10 e 1 punto respectivamente (segundo a cláusula 6.2 das bases), polo que a súa puntuación total é de 24,55 puntos, pasando a ocupar o 2º posto das persoas seleccionadas.

Segundo.- Excluir do programa a persoa candidata co ID nº 19, por non obter o título do grao superior en xuño de 2023 (consonte a cláusula 5.1 das bases).

Terceiro.- Elaborar as seguintes relacións de persoas seleccionadas no proceso selectivo do programa BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO ACOREUROPA XI,:

- a) Relación definitiva de persoas seleccionadas (tantos como prazas se oferten no programa), pendentes de destino*.
- b) As persoas que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Estas persoas constituirán a listaxe de agarda.
- c) As persoas que non compren os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

* Os países de destino poderán variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico nos destinos adxudicados. Tendo, ademais en conta que as persoas candidatas que elixeron como primeiro destino Austria, terán que realizar a súa mobilidade nalgún dos destinos que indicaron en segunda ou terceira opción ou outro destino, ao non ser posible realizar as prácticas no dito destino.

Mentres se realizaron as xestións de busca de empresas nos países de destino, en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico, renunciaron as persoas seleccionadas provisionalmente co ID nº 4 e 36 e a primeira persoa en listaxe de agarda, co ID nº 34, cuxas prazas vacantes serán cubertas pola segunda e terceira persoas da listaxe de agarda, cos nº de ID 11 e 9 , respectivamente;

Por todo elo, reunida a Comisión de Valoración, tralas oportunas deliberacións, adopta por unanimidade os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aceptar as renuncias das persoas seleccionadas provisionalmente co ID nº 4 e 36 e da primeira persoa da listaxe de agarda, co ID nº 34, de xeito que ocuparán as dúas prazas vacantes de maneira definitiva as persoas 2ª e 3ª da listaxe de agarda provisional cos ID nº 11 e 9 respectivamente.

Segundo.- Elaborar as seguintes relacións definitivas do proceso selectivo do programa BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO ACOREUROPA XI, para elevalas ao órgano competente que resolverá de forma motivada e ditará a proposta de resolución definitiva:

- a) Relación definitiva de persoas seleccionadas (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando o país de destino.



- b) As persoas que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Estas persoas constituirán a listaxe de agarda.
- c) As persoas que non compren os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

De conformidade co sinalado no punto 12 das Bases, ábrese un prazo de 5 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Transcorrido o dito prazo sen que se produza tal comunicación entenderase que renuncia a súa participación no programa. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.gal) dentro do prazo de aceptación.

As persoas participantes incluídas na listaxe de agarda substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel.

Terceiro.- De conformidade co sinalado no punto 11 das Bases, a proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá de forma motivada.

A comisión de selección das persoas solicitantes de becas BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO A COREUROPA XI

Sagrario Ron López
Presidenta

Susana Vara Bilbao
Vogal

Ana Judel Prieto
Secretaria

Alfonso Queijo Rodriguez
Vogal

Carlos Oro Claro
Vogal

Cristina Vázquez
Vogal

Fernando Rodríguez Diéguez
Vogal

Helena Maseda Ferreiro
Vogal



BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO A COREUROPA XI.

ANEXO I: LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS SELECCIONADAS, NON SELECCIONADAS E EXCLUIDAS (21/07/2023)

a) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS

ORDE DE SELECCIÓN	SOLICITUDE		PUNTOS BAREMACIÓN							Destino definitivo	
	ID		Nota media no ciclo	Puntos do ciclo	Valoración informe da titoría	Puntos do informe	MCERL Inglés	Puntos de inglés	Puntos outro idioma		Puntuación Total
1	6		8,55	8,55	5,00	5,00	C1	10,00	1	24,55	Portugal, Lisboa
2	21		9,40	9,40	4,93	4,93	C1	10,00	0	24,33	Malta, Gzira
3	5		7,10	7,10	5,00	5,00	B2	7,50	0	19,60	Malta, Gzira
4	37		9,00	9,00	5,00	5,00	B1	5,00	0	19,00	República Checa, Praga
5	13		7,33	7,33	3,63	3,63	B2	7,50	0	18,46	República Checa, Praga
6	25		9,60	9,60	5,00	5,00	A2	2,50	0	17,10	Italia, Padua
7	10		8,50	8,50	4,85	4,85	A2	2,50	0	15,85	Malta, Gzira
8	20		8,08	8,08	5,00	5,00	A2	2,50	0	15,58	Malta, Gzira
9	7		7,70	7,70	4,73	4,73	A2	2,50	0	14,93	Portugal, Lisboa
10	11		7,18	7,18	5,00	5,00	A2	2,50	0	14,68	República Checa, Praga
11	9		7,42	7,42	4,60	4,60	A2	2,50	0	14,52	Malta, Gzira

b) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EN LISTAXE DE AGARDA.

ORDE DE SELECCIÓN	SOLICITUDE		PUNTOS BAREMACIÓN							
	ID		Nota media no ciclo	Puntos do ciclo	Valoración informe da titoría	Puntos do informe	MCERL Inglés	Puntos de inglés	Puntos outro idioma	Puntuación Total
1 LA	15		6,22	6,22	3,20	3,20	B1	5,00	0	14,42
2 LA	40		7,76	7,76	4,00	4,00	A2	2,50	0	14,26
3 LA	23		6,41	6,41	3,80	3,80	A2	2,50	1	13,71
4 LA	14		6,80	6,80	3,90	3,90	A2	2,50	0	13,20
5 LA	35		6,25	6,25	2,60	2,60	A2	2,50	0	11,35
6 LA	38		5,66	5,66	4,70	4,70		0,00	0	10,36



C) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS

ID	Estado da solicitude	Motivo de non admisión
1	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
2	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
3	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
4	Excluída	Renuncia
16	Excluída	Por cursar a modalidade dual (segundo a cláusula 5.1 das bases)
19	Excluída	Por non poder obter a titulación dun ciclo en xuño de 2023 (consonte a cláusula 5.1 das bases)
24	Excluída	Por non poder obter a titulación dun ciclo en xuño de 2023 (consonte a cláusula 5.1 das bases)
29	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
30	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
31	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
32	Excluída	Non presentar a documentación por rexistro
34	Excluída	Renuncia
36	Excluída	Renuncia
39	Excluída	Presentar a documentación fora de prazo